

ACTA DE REUNIÓN EXTRAORDINARIA DE XUNTA GOBERNO

DATA: mércores, 19 de xaneiro de 2022

LUGAR: Sede do COTSG

HORARIO: 18.00 – 20.30

REDACTORA ACTA: Nerea Fernández Gómez

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES:

Miriam Rodríguez Sierra

Antonio Doval Canabal

Ana María Rodríguez Fernández

María Rosario Capelo Casas

Cristina Díaz Mira

Elena Gómez Fernández

Pablo Antelo García

Laura Zapata Criado

Adriana Vieites Freire

Ana María Vilar Varela

ORDE DO DÍA

1. Aprobar, se procede, a acta da Reunión Extraordinaria de Proclamación de candidatura 15.01.2022

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade a Acta da reunión extraordinaria de Xunta de Goberno do 15 de xaneiro do 2022.

2. Informar: Normas das convocatorias, dietas, creación de correos nominais, permisos, etc.

A secretaria do COTSG, Ana Rodríguez expón directrices respecto ás convocatorias e actas das sesións de Xunta de Goberno de cara a unha maior organización tanto en tempo, estrutura e forma. Este conxunto de normas esta recollido nesta acta como anexo I

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade as normas internas de convocatorias.

Asemade, Rodríguez informa do modelo de dietas achegado na convocatoria, no que se debe cumprimentar e remitir ao departamento de Administración do COTSG para efectuar o abono do pago (0.19€/quilometraxe, parking, peaxes, etc.)

Por último acordase crear correos corporativos para cada unha/un das integrantes da Xunta de Goberno:.

3. Tesouraría: Autorización das Contas do COTSG

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade nomear a Antonio Doval , tesoureiro do COTSG e a Secretaria Ana Rodríguez como autorizados nas contas bancarias da entidade para validar e aprobar os pagos necesarios.

4. Situación laboral da Técnica Fe Sampayo

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade transformar o contrato de traballo de Fe Sampayo en indefinido.

5. Situación laboral da Técnica Emma Lamas

A Secretaria Ana Rodríguez, expón que a Técnica Emma Lamas solicita unha excedencia voluntaria por unha duración de 12 meses.

Concorrendo todos os requisitos esixibles acordo coa normativa aplicable, a xunta de goberno aproba por unanimidade a concesión da excedencia no momento no que o posto da Técnica estea cuberto por outra/o profesional, atendendo e cubrindo así as necesidades do servizo.

Asemade, acordan crear unha Comisión para artellar a contratación dunha nova persoa para cubrir o posto vacante por substitución. A comisión estará formada por Ana Rodríguez, Ana Vilar, Cristina Díaz, Laura Zapata e Pablo Antelo.

6. Definir persoas responsable do proxecto do Novo modelo de SS.SS

A Xunta de Goberno acorda que a vicepresidenta Ana Vilar e a vogal Cristina Díaz sexan as responsables do proxecto do Novo modelo de Servizos sociais.

Así mesmo, Ana Vilar expón as actuacións levadas a cabo nesta materia desde o Consello Xeral.

7. Rogos e preguntas

- O COTSG ten coñecemento da solicitude efectuada pola FEGAMP a todos os municipios galegos con respecto á petición de alegacións sobre un modelo de "Informe socio-sanitario" que se remite con motivo da entrada en vigor da Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, en virtude do cal, e tendo en conta o alcance e repercusións que esta cuestión suscita, a Xunta de Goberno acorda levar a cabo as seguintes actuacións:
 - o Enviar escrito á FEGAMP, Política social, Colexios de Medicina e Fiscalía
 - o No escrito, acordan resaltar que o instrumento carece de base científica e metodolóxica e que presenta eivas graves, así como poñer de manifesto o noso profundo malestar sen ter consensuado nin validado este Informe social con esta entidade tendo a repercusión e importancia a mencionada lei.
 - o Informar ao Consello Xeral e coñecer as liñas de traballo que levarán ao cabo
 - o Elaborar un modelo de "Reclamación" para as/os traballadores sociais dos Concellos que teñen recibido a comunicación da FEGAMP conforme poidan responder co mesmo posicionamento do Colexio profesional.
 - o Informar mediante a páxina web e mailchimp a toda á colexiación das accións levadas a cabo, engadindo o modelo de reclamación.
- Ana Rodríguez informa sobre o Convenio de colaboración SIUSS/MATIASS asinado coa Xunta de Galicia, explicando a encomenda que asume o COTSG no desenvolvemento das actividades técnicas necesarias para o mantemento actualizado dos sistemas de información básicos dos servizos sociais, baixo as instrucións do órgano competente da Xunta de Galicia .


Visto e prace:

A Presidenta

A Secretaria



Asdo: Miriam Rodríguez Sierra



Asdo: Ana María Rodríguez Fernández

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

NORMAS CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO DO COLEXIO OFICIAL DE GALICIA 2019

Anexo I

NORMAS DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO

- As Convocatorias da Xuntas de Goberno serán realizadas pola Presidencia do Colexio Oficial de Traballo Social con indicación dos asuntos a tratar, o lugar, día e hora de celebración.
- A Convocatoria debe ser notificada con sete días naturais de antelación á data da celebración da Xunta de Goberno.
- Calquera membro da Xunta de Goberno poderá realizar as achegas que considere oportunas de posibles puntos a tratar no orde do día, así como remitir documentación relativa ás mesmas,

debéndose incluír na seguinte Xunta de Goberno que se celebre. As achegas recibidas ata as 15:00 horas do día anterior da data de notificación da Convocatoria serán incluídas na mesma. Poderán ser incluídas posteriormente as excepcións de urxencia e debidamente xustificadas.

- A participación das reunión será preferentemente presencial .De xeito xustificando, permitirase a participación nas Xuntas de Goberno por vía telemática sempre e cando existan os medios adecuados que permitan unha comunicación en tempo real e garanta a interactividade durante todo o tempo da reunión. Deberase informar por escrito con dous días de antelación da data de celebración da Xunta de Goberno.
- De non acudir á reunión escusarase a ausencia e presentarase xustificación por escrito ata dous días antes da celebración da Xunta de Goberno. No caso de non presentar a devandita xustificación estarase ao disposto nos artigos 35 e 36 dos Estatutos do Colexio Oficial de Traballo Social.
- Admitirase a representación e o voto por delegación mediante autorización realizada por escrito. Só serán válidas as representacións entregadas á/ó secretario/a antes dar comezo a reunión.
- Se non acude á reunión a persoa da Xunta de Goberno que achegase un asunto a tratar, o punto da orde do día non será tratado, coa excepción de que a maioría dos presentes na Xunta de Goberno decidan o contrario.
- Para a realización de todas as comunicacións entre os/as membros da Xunta de Goberno debe utilizarse o correo electrónico corporativo como único medio válido.

ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

- O primeiro punto do Orde do Día da Xunta de Goberno será a aprobación da acta da reunión anterior.
- A acta chegarase a todos/as membros da Xunta de Goberno durante os 7 días seguintes á celebración da Reunión
- Os/as membros da Xunta de Goberno deberán de presentar as achegas á acta para posibles modificacións ao texto ata o mesmo día que finaliza o prazo para as achegas de asuntos de tratar.
- A convocatoria incluírá Orde do Día e o Adxunto da Acta da sesión anterior.
- O finalizar a Xunta de Goberno enumerarase os acordos adoptados.

HORARIO E PROGRAMACIÓN DE REUNIÓN

- O horario das Xuntas de Goberno será preferentemente de 17:00h a 20:00h.
- Na xuntanza de decembro programarase as reunións da Xunta de goberno do vindeiro ano.
- En cada reunión só se poderán tratarse exclusivamente os puntos acordados da convocatoria definidos previamente, agás de rogos e preguntas.
- A orde de intervención será por orde. Só se poderá intervir a persoa que teña o turno de palabra en cada punto establecido previamente por orde do Secretario.
- As intervencións serán reguladas polo secretario, e non se admitirá ningunha intervención ou turno non facilitado por este.
- Cada persoa da Xunta de goberno dará conta das actividades ou actos nos que participa en representación da institución, para información de toda a xunta e que así conste en cada acta.

